

CADERNO DE TAREFAS DO TEMA 8

- REALIZA AS TAREFAS QUE INDIQUE A PROFESORA NA TÚA LIBRETA.
- AS TAREFAS TEÑEN QUE ESTAR BEN PRESENTADAS E ORGANIZADAS, COMPLETAS E BEN CORRIXIDAS.
- AS CORRECCIÓN FARANSE SEMPRE CON BOLÍGRAFO VERMELLO.
- SE FALTAS A CLASE, CANDO ESTEAS RECUPERADO, TERÁS QUE REALIZAR AS TAREFAS PENDENTES PARA NON PERDER O RITMO DAS CLASES.

1. **Actividade inicial:** análise do vídeo <https://www.youtube.com/watch?v=rH634tJuwOw>

- Recoñeces que acontece no vídeo?
- Recoñeces a que grupo social pertencen as persoas do vídeo?
- Recoñeces a cidade na que acontecen os feitos?
- Recoñeces o feito que se representa?K

AS NOVAS IDEAS DO S. XVIII E XIX:

2. Cales eran as características do Antigo Réxime?

- Organización política:
- Sociedade:
- Economía:
- Existencia de liberdades para a poboación?:

3. Cales eran os grupos privilexiados no antigo Réxime? Que clase de privilexios tiñan?

A INDEPENDENCIA DOS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA

4. Busca información sobre as seguintes figuras históricas, anotando a súa relación coa independencia dos EUA: George Washington, Thomas Jefferson, George III, Luís de Unzaga, William Howe, Betsy Ross.
5. Que consecuencias tivo o levantamento das trece colonias americanas fronte a Gran Bretaña?

A REVOLUCIÓN FRANCESA

6. En que se diferencia unha monarquía dunha república?
7. Por que pensas que os integrantes do “terceiro estado” reclamaban o voto por persoa e non por estamento?
8. Elabora un eixo cronolóxico no que introduces os seguintes feitos. Debes buscar nos apuntes as datas concretas e ordenalos:

Toma da Bastilla, primeira constitución francesa, Asemblea Nacional, Asemblea Constituínte, execución de Luís XVI, goberno de Napoleón, batalla de Waterloo.
9. En que momento da Revolución Francesa adquire protagonismo Napoleón?

A RESTAURACIÓN

10. Cales eran os obxectivos dos que apoiaban a “Restauración”? A que se opoñían?

.....ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Actividade de investigación e creatividade: investiga na web curistoria.com sobre o inventor da guillotina. Logo expón a información que consideres máis relevante nun traballo que sexa claro e atractivo visualmente.

Actividade de expresión e creatividade: ucronía, inventamos a Historia?

Unha ucronía é unha maneira de relatar os acontecementos que, partindo dunha situación real, modifícanse con cousas inventadas. É dicir continuamos un relato histórico pero a partir dun momento dado convertímolos en ficción.

A nosa ucronía é: que tería pasado se Napoleón conseguise vencer en España na Guerra de Independencia?

Explica no teu caderno o comezo da invasión francesa en España (como acontece, en que ano, como se desenvolve...) pero cando fales do final da guerra cambia os feitos, inventa a túa historia.

Que diferencias hai entre a historia real e a túa ucronía?

Actividade de síntese: realiza un mapa mental sobre a revolución americana e outro sobre a revolución francesa.